

O *Oenach* é un lugar de encontró da comunidade territorial onde se pode atopar artesanía, mercadiño, gastronomía, museística castrexa, música, xogo rural e carreira popular, recreacións parateatrais e unha zona lúdica para completar unha xornada de turismo cultural en Narón, na Campa da Feira do Trece-Sedes.

O oenach atlántico é un evento promovido polo concello de Narón e participado polo grupo de traballo da veciñanza da parroquia de Sedes. Máis dun centenar de veciñas e veciños preparan durante seis meses os obradoiros, a campa castrexa, e as recreacións teatrais e simulacións vivas da vida na aldea castrexa, convertindo este evento nun exercizo de didáctica do patrimonio rural de interese turístico.

O Oenach Atlántico ten un segundo tempo de encontró, no 13 de decembro, coa Noite da Luz que rememora o solsticio de inverno, "cando mingua a noite e medra o día", na que unha Comitiva da Luz, composta por unha morea de visitantes rube, con fachos de lume, ata o Monte Sol ou Monte Esperón, onde se queima a Roda da Luz, formada por 13 fachos xigantes que alumean o golfo Ártabro.



NARÓN

Concellería de Turismo
Concellería de Feiras e Mercados
Concellería de Participación Cidadá

Padroado da Cultura



Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA

GRUPO DE TRABALLO PARA O
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONOMICO DE SEDES



Asociación de
Veciños
ROSA DOS VENTOS



Asociación de
Mulleres Rurais
NOVA ALDEA

ForoRural

15  **OENACH**
Atlántico
26, 27 e 28 de xullo de 2013 Sedes-Narón

Venres 26 de xullo

22,30 h Recreación de renacemento do lume novo solsticial na aldea castrexa

22,45 h Noite de música galiciana: serán de instrumentos e cantigas tradicionais

“Os Ferozes da Galgueira” e “Vai rañala meu”

Sábado 27 de xullo

A partires das once horas, a Campa da Feira do 13 abrirá as portas da hospitalidade para ver, falar, degustar, sentir, e disfrutar das moitas facianas do Oenach Atlántico

- Feira de Artesanía con máis dunha ducia de constructores de instrumentos tradicionais musicais, xunto con outros artesáns galicianos.
- Mercadiño Aberto con todo tipo de produtos de interese doméstico e artesan con máis de corenta postos de mostra e venta
- Espazo Lúdico con hinchables, camas elásticas, lanchiñas, e xogos para as crianzas.
- Obradoiro Gastronómico en directo de cociñado de porco celta, polo de Mós, coello do monte ó espe-

to. . . e braseiro de xurelo lañado.

- Rueiro das Tres Cuncas e dos Tres Quitafames, con viños cosecheiros albariños, menciás e ribeiros. . . e xantares a prezos populares

13:00 h - Parada de Etnografía Musical na campa castrexa có grupo "Alxibeira" do Padroado da Cultura de Narón, con mostrado de traxes e danzas tradicionais

17:00 h - Obradoiro Aberto de Xogos Populares

22:30 h- Noite do Castro, con recreación teatral no Castro de Eiravedra da obra "Os tempos pasan máis os feitos non mudan", a cargo da Grande Compañía de Teatro Comunitario Aldeano de Sedes.

- Entrega da Alfaia Castrexa a unha persoa senlleira da Terra de Trasancos

Domingo 28 de xullo

11:00 h.

- Recreación museística viva da Aldea Castrexa, con pallozas temáticas sobrecanteiría, cestería, cerámica,

ca, tecido de alto lizo, coiro, ferreiría. . . .

- Feira de Artesanía en segunda xornada
- Mercadiño aberto en segunda xornada
- Espazo lúdico para crianzas en segunda xornada
- Rueiro Gastronómico das Tres Cuncas e Quitafames en segunda xornada

12:00 h- Mostra de Cans de Palleiro, con exhibición de exemplares e adestramento

13:00 h- Recreación teatral da na campa da aldea castrexa.

13:30 h- Parada da Banda Municipal de Gaitas do Padroado da Cultura de Narón

17:00 h- Obradoiro Aberto de Xogos Populares e Rurais, en segunda xornada

19:30 h- Corredoiro Popular do Castro de Eiravedra, aberta a tódalas idades.

Inscripcións ata trinta minutos antes da carreira.

20:00 h. Claurura do Oenach Atlántico 2013

Equipamentos

- Parcela municipal con trinta mil metros cadrados.
- Pavillóns cubertos con dous mil metros cadrados
- Servizos e aseos permanentes suplementados con servizos portátiles
- Aparcadoiros de vehículos con capacidade para cincocentas unidades
- Transporte público de autobuses de FerrolNarón a pé de parcela
- Saída da autovía Ferrol-As Pontes (conectada con autoestrada Narón-FerrolVigo) en rotonda de Sedes a 1,5 km.
- Apeadoiro de ff.cc. Feve-Renfe a 1,5 km.
- Máis de cen servizos de restauración, aloxamento, praias, e outros nun radio de tres km.